# EFEGA impartirá cursos en colaboración cos concellos de A Coruña e Lugo

**Máis de 50 profesionais sanitarios prepararanse para o manexo de desfibriladores semiautomáticos e perfeccionarán técnicas de vendaxes nas instalacións municipais.**



*Profesionais de urxencias sanitarias trasladando a un paciente*

08/11/09 Os concellos de A Coruña e Lugo formalizaron recentemente un convenio de colaboración polo que se lle permite á Asociación Cultural EFEGA (Educación e Formación en Emerxencias Sanitarias de Galicia) empregar as instalacións municipais para realizar cursos de desfibrilación e vendaxes para persoal sanitario de ambos municipios.

Máis de 50 profesionais realizarán os cursos homologados para o manexo de desfibriladores semiautomáticos e de técnicas de vendaxe nos cursos que EFEGA impartirá durante o mes de novembro nas cidades galegas.

En total impartiranse catro cursos de desfibrilación semiautomática, dous de vendaxe e un de reciclaxe. Os cursos ofrecidos contan co recoñecemento de interese sanitario da Consellería de Sanidade, o aval científico da Sociedade Española de Menciña de Urxencias e Emerxencias e a acreditación da American Heart Association.

Os interesados poden informarse a través da páxina web www.efega.eu ou no enderezo de correo info@efega.eu.